2026 | **Axenda cultural**

Novembro - Decembro

Eurocidade da Foz do Minho

O Rosal

A Guarda

Caminha

Máis información en:
culturaeurocidadefozminho.com

Exposición

31.10.26 - 29.11.26

Sala de Exposicións do Concello do Rosal

ARGA
Exposición fotográfica de Alberte Pereira

Prezo
De balde

Comisario
Mak Zlik

ARGA é unha exposición do fotógrafo rosaleiro Alberte Pereira que convida a viaxar á Serra d'Arga, no noroeste de Portugal, para descubrir as persoas, as tradicións e as historias que manteñen viva a identidade deste territorio.

A mostra propón unha viaxe visual e emocional a un mundo no que a vida continúa ben ligada á terra, aos ciclos da natureza, ás crenzas relixiosas e á forza da comunidade.

Contacontos

06.11.26
18:00 h.

Biblioteca Municipal do Concello do Rosal

"Princesas, non grazas"
Venres rebuldeiros

Prezo
De balde

Público
0-3 anos

Artista
Manuela Ventosela

Manuela comeza con "Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa" desmitificando os roles e estereotipos de xénero presentes desde a infancia. A protagonista é unha nena que se rebela e que loita por un mundo máis igualitario.

Logo narra a historia "Cando as nenas voan alto" onde tres nenas acadan as súas metas loitando xuntas e superando todas as trabas do sistema patriarcal.

Hora galega

Teatro

15.11.26
19:00 h.

Auditorio Municipal do Concello do Rosal

"Esas cousas marabillosas"
Empatía Teatro

Prezo
De balde

Autor
Duncan Macmillan

Director
Avelino González

A historia segue a un neno de sete anos que, tras a tentativa de suicidio da súa nai, comeza a facer unha listaxe de todo o que fai que a vida pague a pena. Ao longo de case tres décadas, coa complicidade do público, constrúese unha peza que convida á reflexión e que equilibra momentos tenros e divertidos.

A obra foi recoñecida pola súa sensibilidade e capacidade para transformar a experiencia teatral en algo persoal e conmovedor.

Hora galega

Teatro

05.12.26
19:00 h.

Auditorio Municipal do Concello do Rosal

"Go on"
Malasombra Teatro

Prezo
De balde

Director
Marcos Orsi

Despois da chegada do home á Lúa, á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia.

No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de adentrarse nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta Xacobea.

Hora galega

Teatro

06.11.26
21:00 h.

Centro Cultural do Concello da Guarda

"Bíbidibábidibú"
Cía. As Teimas

Prezo
De balde

Duración
60 min.

Show cómico de improvisación teatral protagonizado por Sheyla Fariña, Susana Sampedro e Marta Doviro, tres fadas Teimas que empregan a súa maxia para cumprir os desexos do público. As persoas asistentes escribirán os seus desexos e introduciranos no «cubo das fadas».

Unha hora de impro, catro xogos e moita participación do público para lanzar os desexos ao universo... cúmpranse ou non!

Hora galega

Exposición

10.11.26 - 27.11.26

Casa dos Alonso do Concello da Guarda

O río que nos move

Prezo
De balde

Público
A partir de 10 anos

O río Miño é máis ca un curso de auga. Nace na serra de Meira e percorre 317 quilómetros ata entregarse ao Atlántico ao pé do monte Trega, atravesando boa parte de Galicia, camiño no que modelou paisaxes e deu vida, riqueza e costumes.

En 1985, cinco mozos do Baixo Miño decidiron descubrir ese río dende dentro. Construíron unhas canoas e puxeron rumbo á aventura, para concluír a primeira baixada completa e probablemente aínda única.

Cine

20.11.26
20:30 h.

Centro Cultural do Concello da Guarda

Romería

Prezo
De balde

Duración
115 min.

Público
A partir de 16 anos

Directora
Carla Simón

Marina (18), adoptada dende moi pequena, viaxa a Vigo para atoparse por primeira vez coa familia do seu pai biolóxico. A súa chegada trae de volta un pasado xa soterrado.

Guiada polo diario da súa nai e a través dunha conexión especial co seu novo curmán, Marina descubrirá as feridas familiares e poderá por fin revivir a memoria fragmentada duns pais dos que apenas ten lembranzas.

Hora galega

Teatro

11.12.26
20:30 h.

Centro Cultural do Concello da Guarda

Ninguén tira fotos nos enterros

Prezo
De balde

Duración
55 min.

Público
A partir de 10 anos

Unha nena de 11 anos asiste, nun mesmo día, á súa primeira voda e ao seu primeiro enterro. "Ninguén tira fotos nos enterros" recrea as instantáneas que esa nena tomou no enterro da súa avoa cunha cámara desbotable, para abordar, con tenrura e humor, a cuestión de como lle falamos da morte á cativada.

Unha auto-ficción de Carlota Mosquera con interacción do público e procesos de fotografía en vivo.

Hora galega

Exposición

23.11.26 - 03.01.27

Freguesias do Concello de Caminha

Ruta dos Beléns
Exposición de Beléns e Concertos de Nadal

Prezo
De balde

Visita os tradicionais beléns de Nadal elaborados pola poboación local das distintas freguesías do Concello de Caminha e asiste aos concertos de Nadal.

Animación

05.12.26 - 03.01.27

Mata Nacional do Camarido

Camarilândia
Floresta Encantada de Caminha

Prezo
De balde

Obradoiros creativos, Aldea das Fadas e dos Elfos, delicias típicas desta época e moita animación envólvente nun ambiente máxico, onde a natureza e o espírito do Nadal se atopan.

Deporte

12.12.26
18:30 h.

Caminha

Run for all Caminha
Carreira e Andaina de São Silvestre

Prezo
Doazón de alimentos non perecedoiros

Trae contigo un alimento non perecedoiro e contribúe a esta causa.

Sociedade de São Vicente de Paulo - Vila Praia de Âncora

Hora portuguesa

Fin de ano

31.12.26
23:00 h.

Praça Conselheiro Silva Torres, Caminha

Festa de final de ano
Celebración da noite de fin de ano 2026/2027

Prezo
De balde

Duración
120 min.

A Noite de Fin de Ano en Caminha é inesquecible. Chea de música, animación e enerxía contaxiosa. Varios artistas convidados farán que celebremos por todo o alto a chegada de 2027.

Música en directo, Dj, fogos artificiais, ledicia e momentos para gardar na memoria.

Reúne a amizades e familia e ven celebrar connosco!

Hora portuguesa

Concello O Rosal · Concello A Guarda · Caminha município · Interreg España – Portugal · EURO_FOZ_MINHO